

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 5/12/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmoris-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:15 horas, do día 5/12/2016, reúnense no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación coa seguinte:

Orde do día

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.
- 2º.- Mocións de grupos políticos.-
- 3º.- Aprobación Plan Económico Financeiro 2016-2017.-
- 4º.- Aprobación Conta Xeral do Presuposto Ordinario de 2015.--
- 5º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 6º.- Rogos e Preguntas.-

1º.- Aprobación, se procede, borradores actas das sesións anteriores

- Sometida a votación a do día 10 de Outubro de 2016 é aprobada por unanimidade.

2º.- Mocións de grupos políticos.-

Á vista da solicitude plantexada por parte do Comité de Empresa de Ferroatlántica, S.A. Cee-Dumbría-Centraís Hidroeléctricas (**Rexistro Xeral de Entrada número 3476 de data 3/11/16**), coa seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Recentemente saeu publicado nos medios de comunicación por responsábeis do GRUPO FERROATLÁNTICA a intención de vender as centrais hidroeléctricas da nosa comarca.

A empresa Ferroatlántica, que ten a concesión para explotar os nosos recursos naturais, beneficiouse de concesións públicas supeditadas ao mantemento e xeración de postos de traballo, así como, a Declaración de Utilidade Pública, para á explotación de terreos e para a construción e explotación das centrais hidroeléctricas do Xallas e Grande.

As actividades de enerxía eléctrica e de ferroaleacións forman unha unidade produtiva única. A vinculación de ditas actividades está obrigada pola Xunta de Galicia, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 9/05/1996 e Tribunal Supremo con data 18/10/2001, e resolución de Augas de Galicia por transferencia de titularidade de data 15/10/2013.

Recentemente ratificada en sede parlamentaria pola unanimidade de todos os grupos parlamentarios. Así como, as declaracións institucionais da deputación da Coruña e os concellos da comarca en distintas sesións plenarias.

Por todos estes motivos, O COMITÉ DE EMPRESA de Ferroatlántica CEE-DUMBRÍA-CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS solicita do Pleno da Corporación Municipal adoptar o acordo de instar ao Presidente da Xunta de Galicia:

A NON SEGREGACIÓN DAS ACTIVIDADES DE ENERXÍA E FERROALIXES E POLO TANTO NON AUTORIZACIÓN DA VENTA DAS CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS DA NOSA COMARCA”.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda ratificala en todo o seu contido, debéndose remitir certificación a Xunta de Galicia (Presidencia) e o citado Comité de Empresa.-

A) MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO BNG SOBRE A TRANSPARENCIA DA AP-9.

(Rexistro de Entrada 3623 de data 15/11/2016)

Dada conta do seu contido:

“ A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos sairía case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das

persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de ... tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa legislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademais, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.”

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDA:**

- 1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.**
- 2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.**
- 3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.**
- 4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.**

Intervencións

Sr. Xan Carlos do grupo BNG

Dicir que o seu contido é claro e determinante.-

Alcalde

.- Estou totalmente dacordo coa Moción e debemos aprobala por todos os grupos políticos.-

A importación para Galicia é indudable pero o coste para os usuarios é una carga sobre todo si se necesita utilizar para o desprazamento os días de traballo.-

Considero que a autopista esta amortizada, é necesario explotala de outras maneiras pola Xunta de Galicia e en beneficio dos usuarios.-

Sr. Traba Fernandez do grupo popular

Nos absteremonos na votación, deixando claro que entendemos que seria bo para Galicia a Infraestructura en cuestión con rebaixe na taxa do peaxe.-

Dicir ademais que estase aprobando unha moción co seu contido pero non cunha posición política.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega

Apoiarei a Moción toda vez que o considero boo para a nosa terra, pero non imos a discutir o traslado senón poñer de manifesto una posición política dado que somos representantes políticos.-

Considero que por parte do grupo político BNG debese facer una reflexión no senso de que teñen que ter coidado coas mocións que lle veñan de arriba, por exemplo Moción da Autopista da Costa da Morte, debe plantexarse para chegar a Cee xa que pensó que tardara catro anos mais desde Berdoias.-

Seguidamente o Pleno por sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 CG) e catro abstencións dos concelleiros do grupo PP, acorda aprobala na súa totalidade.-

**B) MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO BNG SOBRE A LOMCE E AS SUAS REVÁLIDAS.
(Rexistro de Entrada 3624 de data 15/11/2016)**

Dada conta do seu contido:

“A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fondamente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Para alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posibles para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindíbeis para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades,

habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluíra os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

- 1. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.**
- 2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.**
- 3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.**

Intervencións

Sr. Traba Fernandez do grupo popular

Dicir que na actualidade xa existe unha Comisión creada para deixala paralizada por tres Partidos Políticos maioritarios no Goberno.-

Imos, polo tanto, a instar a Xunta de Galicia a algo que estase modificando nos últimos corenta anos e todas as Leis son do Partido Socialista.-

Alcalde.

Despois de catro anos de facer a Lei faise sen contar co sector da Educación, tanto educativo como Alumnado e fíxose una Lei só polo Partido Popular polo que é necesario derogar algunhas e reestruturalas,.

Estamos dacordo, inda que sexamos reiterativos e non fagamos nada mais; o das probas é una parte pero a Lei ten outra maior de clasimos dende o punto de vista pedagóxica.-

Apoiaremos a Moción e esperemos que os pasos vaian por esa liña correcta.-

Realmente estamos onde estamos non porque as Leis as aprobara o PSOE; a Lei educativa non vai solucionar o problema porque o enfoque debe ser outro e non vai cambiar os resultados da educación, non son froitos dunha Lei; o fondo da cuestión e mellorar a calidade da ensinanza.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega.-

Estou dacordo coa proposta formulada no Moción pero discrepo da Exposición de Motivos, porque considero que debería ser mais real pero inda así von aprobala.-

Seguidamente o Pleno por sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 CG) e catro en contra dos concelleiros do grupo PP, acorda aprobala na súa totalidade.-

C) MOCION QUE PRESENTA O GRUPO BNG A PROL DA AMPLIACION DA ACREDITACION POR VIOLENCIA MACHISTA, DA CREACION DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO E DA TOMA DE MEDIDAS CONTRA AS CONSECUCIAS SOBRE AS MULLERES E A DESIGUALDADE ECONOMICA.

(Registro de Entrada 3625 de data 15/11/2016)

Dada conta do seu contido:

“Visibilizar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un do retos máis importantes que temos como sociedade de cara ao futuro. Por iso, o feminismo e as políticas feministas son ferramentas fundamentais coas que debemos traballar sen dar nada por conseguido en canto siga exercitándose a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

Nos últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo mobilizador e concienciador dos diferentes movementos de mulleres. Porén, non é suficiente, temos que seguir avanzando na rúa e nas institucións e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visíbel do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é clave visibilizar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física até outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstréctica e tratos inadecuados no marco da sanidade até a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, ocupando as peores taxas de desemprego e precarización, padecendo a desigualdade salarial e ocupando a maioría dos traballos non asalariados consecuencia das situacións de dependencia familiar e da falta de recursos públicos. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

Queda moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, despois de anos de aplicación, son insuficientes en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.”

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2. Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumbran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.

3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

Intervencións

Alcalde.-

Está claro que todos imos a estar de acordo co espírito desta Moción para poder acabar con esta lacra social; si é certo que é necesario melloralala si se ve que non ten o resultado que se desexa para poder ver onde está o problema realmente; o feito de chamalo feminicidio, con esta palabra non se vai a resolver o problema.-

O Estatuto do feminicidio tería que ampliarse mais porque é un documento, entendo que a Lei hai que modificala para conseguir mais resultados por iso apoiaremos esta Moción polo espírito que se desexa.-

Sr. Traba Fernandez do grupo popular.-

Nin que dicir ten que ao tratarse deste tema, votaremos a favor da Moción.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega

Dicir que é un tema que nos sobrepasa como Concello, se fora tan fácil solucionar o problema xa estaría solucionado, pero é un tema delicado que non se debe resolver só con Leis xa que o tratarse dun grave problema social requirese a participación das organizacións sociais e técnicos,.

Ó ser tan delicado temos que participar toda a Sociedade xa que este tema está repuntando en xente xoven xa sexa fruto das novas tecnoloxías ou por outras circunstancias pero estamos ante una realidade.-

Está claro que polas razóns que sexan, está aumentando o machismo; polo tanto ¿quen se atreve a votar en contra dun tema tan importante inda que sexa por demagogia?.-

Seguidamente o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobala na súa totalidade.-

D) MOCION QUE PRESENTA O GRUPO BNG DE APOIO ÁS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR.

(Registro de Entrada 3626 de data 15/11/2016)

Á vista do seu contido :

“O Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zonas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Tránsito de Tránsito da Mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicábeis á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo da cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades profesionais de natureza penosa, tóxica, perigosa e insalubre nas que se acusen elevados

índices de morbilidade ou sinistralidade, así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc) estaban considerados “conxeladores” polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilación aos 55 anos.

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considera buques “conxeladores” aquelas embarcacións que teña unha eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques “fresqueiros” sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándose unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de “secano”, pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Esta medida afecta basicamente á Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, e cun tipo de frota que é, “curiosamente”, a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frota palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid, con independencia de que pesque nas Maldivas, en NAFO ou en calquera outro mar do mundo. Prexudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de xubilación polo tamaño do barco. Esta decisión do goberno español resulta inasumíbel e surrealista para os tempos que corren.”

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte ACORDO:

1. Manifestar o apoio deste Concello ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamara do Goberno español e do Ministerio de Fomento a retirada da orde interna da Dirección Xeral da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.
2. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40. Restituír a legalidade e o sentido común.
3. Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.
4. Solicitar o cese do Director Xeral da Mariña Mercante por incompetente e por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.
5. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno español e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e Congreso dos Deputados.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda retirala da Orde do Día.-

3º.- Aprobación Plan Económico Financeiro 2016-2017.--

Unha vez examinado, visto o informe favorable de Secretaria Intervención, o Pleno por seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 do BNG), Catro abstencións dos Concelleiros do grupo popular e a non participación do Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega, acorda aprobar o seguinte :

PLAN ECONÓMICO FINANCIERO DO CONCELLO DE FISTERRA PARA O PERÍODO 2016/2017 (DATA LÍMITE 31/12/2017)

O artigo 3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos que afecten aos gastos ou

ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizárase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea” e defínese a estabilidade orzamentaria das administracións públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desa norma, ven a instrumentar ese principio ao fixar que tanto a elaboración como a aprobación e a execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas someteranse ao mesmo.

A mesma LOEPSF regula a regra de gasto no seu artigo 12 entendendo por tal que a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto (PIB) de medio prazo da economía española. Esa taxa de referencia a ter en conta, a efectos de calcular a regra de gasto, foi do 1,3% para o ano 2015, 1,8% para o exercicio 2016 e o 2,2% no 2017, segundo o acordo adoptado polo Consello de Ministros o día 10/07/2015, e polo cal se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións públicas.

O artigo 21 LOEPSF, modificado pola Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento desas tres regras fiscais co contido e alcance previstos nese artigo.

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Mediante Decreto de Alcaldía de data do 9/03/16, apróbase a liquidación do orzamento municipal de 2015, onde se pon de manifesto o cumprimento da estabilidade presupostaria e incumprimento da Regra de Gasto todo elo sen prexuízo do Plan Económico Financeiro.-

O concello de Fisterra cumpre co límite da débeda por canto, se ben día de hoxe este concello ten pendente de **devolución préstamos con entidades financeiras polo importe de 173.239,97 €, así como anticipos sen interes derivados da participación deste concello no Plan de Aforro e Investimento anos 2015 e 2016 da Excma Diputación Provincial por importe de 128.703,68 € e 119.793,65 € respectivamente nun prazo de dez anos e dous de carencia** que estarían por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto no art. 53 do TRLRHL e por debaixo do 75% do límite da D.A 74 da LPGE para 2015.

En consecuencia, e ante o incumprimento da regra de gasto e en aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira fai necesario a elaboración dun plan económico financeiro que lle permita ao concello recuperar a situación de equilibrio, como máximo, a 31 de decembro de 2017; é dicir, con ocasión da liquidación do exercicio 2017.

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios en que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.

e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

E o artigo 116. bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu apartado segundo, dispón que adicionalmente ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, o mencionado plan incluírá polo menos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.

Tal e como se puxo de manifesto na introducción, propónse ao Pleno desta Corporación a aprobación do presente plan económico financeiro, de formulación obrigada, xa que o resultado da avaliación se ben cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria non cumpre coa regra de gasto en relación ao expediente da liquidación do exercicio 2015.

Causas do incumprimento:

En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit presupostario no momento da liquidación do presuposto.

Sentada a natureza do remanente de tesourería afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade presupostaria e, se é o caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesouraría afectado se lograría coa simple aprobación do presuposto do exercicio seguinte en situación de equilibrio presupostario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural ningunha dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración local.

Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida.

– A participación da entidade no Plan de Aforro e Investimento 2015 da Deputación Provincial, debido ás seguintes consideracións: o cómputo de ingresos e gastos a efectos de cálculo da estabilidade limitábase ós capítulos 1 ó 7, tanto en ingresos como en gastos, polo tanto os ingresos computables nos capítulos 8 e 9, de carácter financeiro (agás os procedentes do remanente de tesoureiría para gastos xerais) cos que se financien gastos correspondentes ós capítulos do 1 ó 6 da clasificación económica de gastos, computarán como gasto, pero non como ingreso.

Cómpre especificar que o préstamo de que se trata convocouse e concedeuse pola Deputación Provincial, outra administración pública, que o seu destino foi a execución de investimentos financeiramente sostibles do ano 2015 e o e 2016 para amortización de débeda, que ten dous anos de carencia, non devengará custe algún de intereses, polo que supón unha fonte de financiación totalmente gratuita para os concellos, na actualidade a súa amortización ampliouse para os anos 2018 e 2019 respectivamente.

Considérase pois que o incumprimento ten carácter coxuntural e non estrutural, por canto que se trata dunha débeda por mor da participación nun plan público de financiación diferida de investimentos financeiramente sostibles. En consecuencia, se descontamos esta obriga, resulta que se cumpriría o obxectivo da regra de gasto.-

Segundo a modificación introducida pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, en caso de incumprimento da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento.

En consecuencia, este Concello, e así queda reflectido no presente plan, deberá volver á situación de equilibrio con data máxima o 31 de decembro de 2017.

Este é, pois, o horizonte temporal deste plan.

Medidas a adoptar para corrixir a situación:

O presuposto municipal para o exercicio 2016 foi aprobado inicialmente por acordo plenario do 3 de Xuño de 2016 e publicado definitivamente no Boletín Oficial da Provincia número 134 de 15 de Xullo de 2016 unha vez finalizado o período de exposición pública sen a presentación de alegacións.

O orzamento é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

| CAPÍTULOS | DENOMINACIÓN | EUROS |
|--------------------------------|-------------------------------------|-----------------------|
| A) OPERACIÓNS CORRENTES | | |
| 1 | Gastos de persoal | 1.247.680,52 € |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 1.294.051,07 € |

| | | |
|---|--------------------------------|-----------------------|
| 3 | Gastos financeiros | 9.505,39 € |
| 4 | Transferencias correntes | 84.340,29 € |
| | B) OPERACIÓN DE CAPITAL | 0,00 € |
| 6 | Inversións Reais | 503.672,81 € |
| 7 | Transferencia de capital | 0,00 € |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 € |
| 9 | Pasivos financeiros | 179.814,54 € |
| | SUMA TOTAL DE GASTOS | 3.319.064,62 € |

ESTADO DE INGRESOS

| CAPÍTULOS | DENOMINACIÓN | EUROS |
|-----------|--------------------------------|-----------------------|
| | A) OPERACIÓN CORRENTES | |
| 1 | Impostos Directos | 648.738,42 € |
| 2 | Impostos Indirectos | 42.000,00 € |
| 3 | Taxas e outros ingresos | 544.532,16 € |
| 4 | Transferencias correntes | 1.530.905,88 € |
| 5 | Ingresos Patrimoniais | 25.072,04 € |
| | B) OPERACIÓN DE CAPITAL | |
| 7 | Transferencias de capital | 408.022,47 € |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 € |
| 9 | Pasivos financeiros | 119.793,65 € |
| | SUMA TOTAL DE INGRESOS | 3.319.064,62 € |

O presuposto municipal de 2016 cumpre cos obxectivos de estabilidade presupostaria tal e como queda exposto no informe de Intervención unido o expediente de aprobación do mesmo, remitíndose o Ministerio de Facenda VI.

Conclusiones.

Para os anos 2016 e 2017, as medidas que se propoñe adoptar serían as seguintes:

– Dar máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria, de xeito tal que se porá todo o empeño posible para que todos os gastos correspondentes ao ano en curso sexan executados íntegramente durante o mesmo ano.

No caso de existir a finais do presente exercicio 2016 facturas pendentes de aplicar o Orzamento por falta de crédito, incluír dita estimación nos créditos iniciais do exercicio 2017.

–Manter o período medio de pago (PMP) por debaixo do límite legal de 30 días, tentando manter o calculado segundo o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desarrolla a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

–Xestionar os orzamentos dos exercicios 2016 e 2017 coa máxima atención ao cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. Para isto, nos expedientes de recoñecemento extraxudiciais de créditos que se aproben polo Pleno Municipal e pola Alcaldía neses exercicios, sempre se procurará que o crédito dispoñible non se utilice para incrementar o gasto computable.

–O presuposto de 2016 xa foi aprobado cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e nivelado en canto á relación entre ingresos e gastos.

Con todo o anterior, preténdese alcanzar coa liquidación do exercicio 2016 de novo a situación de equilibrio e mantela durante o exercicio 2017.

Agora ben, dado que este dato non se coñece con total seguridade a día de hoxe, pártese só das subvencións previstas nas consignacións iniciais a efectos de calcular a regra de gasto.

Con todo isto e os escenarios que a continuación se van describir estaríamos a dar cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, en canto a estimacións que son posibles realizar neste Concello cos datos de que se dispón.

En relación ao contido adicional que a Lei 27/2013 ven a fixar para o plan económico financeiro, se considera que procede destacar as seguintes apreciacións:

– Non se considera necesario suprimir competencias distintas das propias e das exercidas por delegación, por canto que se trata de manter un nivel de orzamento similar ao que ven sucedendo en exercicios anteriores, nos que se presuposta con prudencia e tratando de evitar distorsións posteriores.

– En canto a xestión integrada e coordinada dos servizos obrigatorios que presta o Concello para reducir custes, tratarase de cumprir tendo en conta as actuacións que a Diputación Provincial poida realizar en canto a contratación dun estudo sobre os custos dos servizos obrigatorios que prestan os concellos a fin de que determine cal é a mellor forma de prestar os mesmos, dando así cumprimento ao disposto no artigo 26 da LBRL como consecuencia da modificación introducida pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

– Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta o Concello.
De momento non se considera necesario profundizar na aplicación desta medida por canto que basicamente o que se vai pretender é reducir o gasto no exercicio 2016 sendo esta contención a que permita recuperar a situación de equilibrio.

No caso de que á hora de executar o orzamento do exercicio 2017 se observe que as previsións de ingresos non se están a cumprir ou que por algún motivo excepcional hai que gastar máis do previsto, tratarán de tomarse medidas entón de cara a aumentar ingresos naqueles conceptos en que así sexa posible, e que sexa esta contención do gasto a que permita recuperar a situación de equilibrio.

Asemade, instarase a maximizar a eficiencia e eficacia na xestión dos ingresos públicos que legal e normativamente ten estipulados este Concello.

Neste apartado, agárdase un incremento na recadación no Imposto sobre Bens de Natureza Urbana como consecuencia de novas altas, modificacións catastrais e revalorizacións catastrais en bens que se están efectuando pola Delegación de Facenda, dado que nos últimos anos sufriron modificacións nos seus valores catastrais.

Asemade, a previsión de ingresos por transferencias correntes e de capital para programas de periodicidade anual pronostícanse como maiores que nos exercicios 2015 e anteriores.

– Racionalización organizativa.

Non se considera necesario modificar este aspecto de momento por canto que se estima que non afectaría.

– Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.

Este Concello non ten entidades desta natureza.

Por último, se considera que as medidas propostas son coherentes coas variacións interanuais das previsións orzamentarias respectivas.

CONCLUSIÓNS

Á vista do contido deste plan exposto nos apartados anteriores, formulo as seguintes:

- Dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico-financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

– Considérase que unha vez aplicadas as medidas contidas no presente plan, o Concello de Fisterra cumprirá coa regra do gasto ao final do periodo que comprende os exercicios 2016 e 2017, con ocasión da aprobación da liquidación dos mencionados exercicios. Estímase entón que nese momento se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional.

Tamén se estima un volume de débeda viva moi inferior o legalmente previsto como límite, dado que no ano 2017 quedarán todas canceladas a excepción dos anticipos sen interes formalizadas coa Excmá Diputación Provincial que comencaran a amortizarse, como se dixo anteriormente, nos anos 2018 e 2019.-

4º.- Aprobación Conta Xeral do Presuposto Ordinario de 2015.--

Visto o Dictamen favorable da Comisión Especial de Contas e da Secretaria-Intervención, o Pleno por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG), Catro abstencións dos Concelleiros do grupo

popular e a Abstención do Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega, facéndose constar por este último que o fai porque no ano 2015 non era Concelleiro, acorda:

a) Aprobar a Conta Xeral do Presuposto referida ao ano 2015 co seguinte contido:

BALANCE

Segundo determina a regra 417 da Instrucción de Contabilidade (IC) se expresará a composición e situación do Patrimonio ó día de peche do exercicio, resultando unha vez realizados os axustes correspondentes un total (**ACTIVO E PASIVO**) de " **Dezaoto millóns douscentos vinte e cinco mil douscentos oitenta e dous euros con vinte e nove céntimos (18.225.282,29 €)** “.-

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL

Na regra 418 da I.C., defínese como o estado financeiro destinado a expresa-los resultados do exercicio desde o punto de vista económico-patrimonial, reflexando adecuadamente as fontes de procedencia dos mesmos, e se forma das seguintes contas:

GASTOS

Funcionamento de servizos e prestacións sociais.-

Gastos de Persoal

| | |
|---|------------------|
| 1) Sueldos, Salarios e asimilados... | ... 874.649,88 € |
| 2) Cargas Sociais | ... 263.823,62 € |
| 3) Transferencias e Subvencions concedidas... | .49.363,63 € |

Outros gastos de xestión ordinaria

| | |
|--|----------------|
| 1) Subministrados e Servizos exteriores..... | 1.227.784,97 € |
| 2) Tributos | .9.603,09 € |

Gastos financeiros

| | |
|---------------------|--------------|
| 1) Por débedas..... |74,69 € |
| 2) Outros..... | 1.723,39 € |

Transferencias e Subvencions.-

Deterioro de valor, baixas e enaxenacions de activos e pasivos financeiros

| | |
|-----------------|-------------|
| 1) Outros | 31.499,52 € |
|-----------------|-------------|

AFORRO.....784.451,02 €.-

INGRESOS

Vendas e prestacións de servizos.-

| | |
|--------------------------------|------------------|
| 1) Prestación de Servizos..... | 8.073,07 € |
|--------------------------------|------------------|

Ingresos tributarios e urbanísticos.-

| | |
|-------------------|-----------------|
| 1) Impostos | ...862.208,59 € |
| 3) Taxas..... | 386.000,91 € |

Transferencias e Subvencións recibidas.-

| | |
|--|----------------|
| A) Do exercizo..... | 1.890.380,32 € |
| a.1) Subvencions recibidas para financiar gastos do exercizo..... | 962.646,74 € |
| a.2) Transferencias..... | 927.733,58 € |

Ingresos financeiros

b) De valores representantes de débeda, de créditos e de outras
inversions..... 10.619,45 €

AFORRO.... 761.772,87 €

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

Tal e como se expón no informe emitido a tal efecto, a liquidación do orzamento correspondente ó exercicio de 2014 ofrece o seguinte resultado:

| | |
|--|----------------|
| - Dereitos Recoñecidos Netos | 3.296.097,21 € |
| - Obrigas Recoñecidas Netas | 3.046.887,35 € |
| - Resultado Orzamentario | 249.209,86 € |
| - Desviación positivas de financiación | 67.346,71 € |
| - Desviación negativas de financiación | 0,00 € |
| - Gastos Financeiros remanente Liquidado de Tesourería | 179.553,29 € |
| - Resultado Orzamentario Axustado | 361.416,44 € |

ESTADO DEMOSTRATIVO DE ORZAMENTOS PECHADOS:

Do que se deduce que queda un total de " Catrocentos sesenta e catro mil seiscentos vinte e catro euros con cincuenta e un céntimos (464.624,51 €) " como Obrigacións pendentes de Ordear de orzamentos pechados e un total de "Oitocentos noventa e sete mil novecentos sesenta e un euros con oitenta e sete céntimos (897.961,87 €) en concepto de Dereitos Pendentes de Cobro a 31 de Decembro de 2015.-

ESTADO DOS COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS.-

De conformidade coa Regra 422 IC, presentará os compromisos de gasto adquiridos con cargo a exercizos futuros, non existindo ningún nesta Corporación.

ESTADO DE TESOURERIA.-

De acordo co disposto na Regra 423 de IC, pon de manifesto a súa situación e as operacións realizadas durante o exercicio. Consta dunha Primeira Parte, na que se presentan de forma resumida o total de **Cobros e Pagos** realizados, tanto orzamentarios como non orzamentarios, resultando un movemento total de " Tres millóns cento noventa e sete mi setecentos noventa e catro euros con cincuenta céntimos (3.197.794,50 €) e " Tres millóns setecentos vinte mil cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e sete céntimos (3.720.532,57 €) " e unha Segunda Parte onde se recolle o estado de **situación de existencias en Tesourería**, resultando unha existencia final en bancos de " Cincocentos vinte e dous mil setecentos trinta e oito euros con sete céntimos (522.738,07 €).-

ESTADO DE DEBEDA PÚBLICA

Reflexa as operacións de creación, amortización, pago, extinción, conversión e canxe de capitais, así como as de recoñecemento, pago, extinción dos intereses devengados. **Non existindo ningunha nesta Corporación.**

b) Dar traslado ó Consello de Contas de Galicia a efectos da súa fiscalización.-

5º.- Resolucións dictadas pola Alcadia, para coñecemento.-

- Altas, Baixas e Cambios de domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.-

- Cancelación do Aval Bancario a nome de MANTIDO, S.L. por importe de 1.245,49 € imposto no seu día para responder da obra "Pavimentación Avenida da Anchoa-Fisterra" incluída no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2015 da Excm. Deputación Provincial. -

- Adjudicación á empresa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) do servizo denominado "Actuacións para a preservación e mellora dos Hábitats e da Paisaxe rural litoral con implicación da poboación local de Fisterra" por un importe de 9.450,00 € e 1.984,50 € do Imposto sobre o Valor Engadido.-

- Aprobación do plano de vacacións a Héctor Lires Lema dende o día 1 ao 15 de decembro de 2016 (ambos incluídos).-

- Aprobación do plano de vacacións a Ramón A. Domínguez Vázquez, dende o día 16 ao 28 de decembro de 2016 (ambos incluídos).-

- Contratación con carácter eventual de María Trillo Domínguez, como asistente domiciliaria, durante o período comprendido entre o día 30 de novembro de 2016 ata o momento da alta da traballadora substituída Sandra M^a Sixto Canosa.-

- Adxudicación do desenvolvemento do Curso Básico de Cociña a Acerta Formación, S.L.N.E. por un importe de execución de 1.400,00 €.

- Prorrogação do contrato laboral a nome de M^a Begoña Valdomar Insua como informadora xuvenil, dende o 1 de xaneiro de 2017 ao 31 de decembro de 2017.-

- Prorrogação dos contratos formalizados no seu día co persoal laboral que se indica:

SERVIZOS SOCIAIS

| NOME E APELIDOS | PERÍODO |
|---------------------------------------|---------------------------------------|
| Montserrat Outes Velay | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| M ^a Dolores Martínez Pérez | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| M ^a Lourdes Domínguez Lago | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| Sandra M ^a Sixto Canosa | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |

SERVIZOS MÚLTIPLES

| NOME E APELIDOS | PERÍODO |
|------------------------|---------------------------------------|
| Juan José Lago Estévez | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |

POLICIA LOCAL

| NOME E APELIDOS | PERÍODO |
|-----------------------------|---------------------------------------|
| Angel Manuel Lobelos Suárez | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |

- Prorrogação do contrato laboral a nome de M^a del Pilar Formoso Martínez como peón de limpeza, dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017.-

- Prorrogação dos contratos formalizados no seu día co persoal laboral que se indica:

| NOME E APELIDOS | PERÍODO |
|---|---|
| María José Traba Traba | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| Carmen Fábregas Lorenzo | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| Miguel Ángel Oliveira Traba | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| Carmen M ^a Ballón Estévez | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| Noelia Castreje Canosa | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| Nélida Cambeiro Otero | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| Osvaldo Santos Lobelos | 29 de decembro ó 18 de decembro de 2017 |
| M ^a Loreto Marcote Lago | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| M ^a Filomena Domínguez Velay | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| M ^a Pilar García Trillo | 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017 |
| María Alicia López Gil | 1 de xaneiro ó 5 de maio de 2017 |

- Aprobación do plano de vacacións a Juan Carlos Carril Pérez, dende o 3 ó 19 de xaneiro de 2017 (ambos incluídos).-

- Inclusión no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos co número 5/2016 o can raza american standford a nome de Sara Lobelos Traba.-

- Inclusión no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos co número 6/2016 o can raza american standford a nome de Sara Lobelos Traba.-

- Inclusión no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos co número 4/2016 o can raza american standford a nome de Sara Lobelos Traba.-

- Resolución de expedientes sancionadores de tráfico polo importe de 4.160,00 €.-

- Cancelación dos Avals Bancarios a nome de Búa Construcciones y Servicios, S.L para garantir a execución de Obras incluídas nos plans e convenios formalizados da Excm. Diputación Provincial:

REDE SANEAMENTO E FECAIS MALLAS - FISTERRA

| Número | Importe | Data |
|--------|------------|------------|
| 44.967 | 3.057,52 € | 10/07/2013 |

SANEAMENTO E PAVIMENTACION EN MALLAS

| Número | Importe | Data |
|--------|--------------|------------|
| 46.163 | 3.470,00 € € | 19/08/2014 |

AMPLIACION REDE SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS MALLAS-FISTERRA

| Número | Importe | Data |
|--------|------------|------------|
| 46.367 | 2.415,29 € | 28/10/2014 |

REFORMA REDE VIAIS MUNICIPAIS RUA ATALAIA E CAMIÑO POTIÑA-FISTERRA

| Número | Importe | Data |
|--------|------------|------------|
| 46.510 | 1.582,64 € | 12/12/2014 |

- Cancelación do Aval Bancario a nome de Construcciones D. Ogando, S.L polo importe de 2.931,09 € para responder da boa execución da Obra denominada "Mellora de Saneamento na rúa Alfredo Saralegui".-

- Aprobación do plano de vacacións a Mª Teresa Dourado Martínez dende o día 1 ó 9 de decembro de 2016 e dende o 2 ó 9 de xaneiro de 2017 (ambos incluídos).-

- Aprobación do plano de vacacións a nome de María José Traba Traba dende o 28 de decembro ó 5 de xaneiro de 2017 (ambos incluídos).-

- Aprobación da factura número 16/686 a nome da empresa Cubiercom, S.L polo importe de 8.232,84 € incluído o IVE, pola execución da obra denominada "Reparación da cuberta do Edificio "O Semáforo".-

- Cancelación do Aval Bancario a nome de Construcciones D. Ogando, S.L por importe de 2.183,26 € para responder da boa execución da obra denominada "Reparación de Viais Municipais no Concello de Fisterra Vilar-Castro-Ermedesuxo-Sardiñeiro de Arriba".-

- Concesión dunha axuda polo importe de 108,00 € a S. D. S., por tratarse dunha persoa carente de medios económicos. -

- Concesión de permiso a Miguel Ángel Olveira Traba, por asuntos particulares os días 5 e 9 de decembro de 2016.-

- Concesión de permiso a Silvia Mª Sar Insua, por asuntos particulares os días 18 e 25 de novembro e o 9 de decembro de 2016.-

- Concesión de permiso a Ramón Liñeiro Santamaría, por asuntos particulares os días 28, 29 e 30 de novembro e 1, 2 e 5 de decembro de 2016.-

- Aprobación do plano de vacacións a Carmen Mª Nemiña Antelo dende o 5 ó 13 e do 21 ó 30 de decembro de 2016 (ambos incluídos).-

- Concesión de permiso a Mª Pilar García Trillo, por falecemento de parente de 1º grao de consanguinidade, os días 16, 17, 18, 21 e 22 de novembro de 2016.-

- Aprobación do plano de vacacións a Carmen D. Álvarez Marcote dende o día 23 ó 30 de decembro de 2016 (ambos incluídos).-

- Concesión de permiso a Mª Loreto Marcote Lago, por hospitalización de parente de 1º grao de consanguinidade para os días 16, 17, 18, 21 e 22 de novembro de 2016.-

- Concesión de permiso a Mª Dolores Martínez Pérez, por hospitalización de parente de 2º grao de consanguinidade para os días 15, 16 e 17 de novembro de 2016.-

- Adxudicación por execución de obra no edificio “O Semáforo” e o seu anexo “O Refuxio” a Búa Construcciones y Servicios, S.L nun importe de 1.980,00 € e 451,80 €.-

- Adxudicación dos subministros con destino ao Departamento de Cultura en favor da empresa Mario Paz Martínez por un importe de 1.390,00 € e un IVE de 291,90 €.-

| Ud. | DENOMINACIÓN |
|-----|---|
| 1 | Carril trifásico lonxitude 3 metros |
| 3 | Proxectores de 30 vatios de potencia, tipo LED aluminio encendido instantáneo e potencia lumínica 2.800 lúmenes |
| 2 | Micrófonos ambiente, tipo profesional |

- Aprobación da certificación única da obra denominada “ILE 2016: Proxecto de Aforro e Eficiencia Enerxética de Instalacións de Iluminación Pública Exterior no Concello de Fisterra” cun importe de 16.575,00 € e un IVE de 3.480,75 €.-

- Concesión de permiso a Juan Carlos Carril Pérez, por asuntos particulares dende o día 20 ó 29 de decembro (ambos incluídos).-

- Concesión de permiso a María Dolores Martínez Pérez, por asuntos particulares os días 16 e 23 de novembro de 2016.-

- Concesión de permiso a José Marcote López, por asuntos particulares os días 14, 15, 16, 17, 18 e 21 de novembro de 2016.-

- Prorrogação do contrato laboral eventual á traballadora Silvia María Sar Insua dende o 18 de novembro de 2016 ó 17 de novembro de 2017.-

- Concesión de permiso a Mª Loreto Marcote Lago, por hospitalización de parente de 1º grao de consanguinidade para os días 23, 24, 25, 28, 29 e 30 de novembro de 2016.-

- Adxudicación da obra denominada “ ILE: Proxecto de Aforro e Eficiencia Enerxética de instalacións de iluminación Pública Exterior no Concello de Fisterra” en favor da empresa Instalaciones Eléctricas Casais, S.L nun importe total de 16.575,00 € e 3.480,75 € do IVE.-

- Contratación con carácter temporal na modalidade de “Temporal de Traballos de Interese Social” para a prestación do Servizo de Peón durante o período comprendido entre o 15 de novembro de 2016 ata o 14 de maio de 2017, ás persoas que se indican:

| APELIDOS E NOME |
|--------------------------|
| Lago Castreje, Carmen |
| Liñeiro Iglesias, Oscar |
| Silvia Traba, María José |
| Pereira López, Gonzalo |
| Canosa Lema, Rosalva |

- Aprobación do plano de vacacións a Ramón Liñeiro Santamaría, dende o 11 ó 23 de novembro de 2016 (ambos incluídos).-

- Aprobación do plano de vacacións a Noelia Castreje Canosa, para os días 2, 5 e 7 de decembro de 2016.-

- Concesión de permiso a Carmen María Ballón Estévez, por asuntos particulares para os días 7 e 9 de decembro de 2016.-

- Modificación da solicitude formulada ante a Consellería de Traballo e Benestar para as subvencións que se indican o ano 2016, comprometéndose a financiar con cargo aos seus orzamentos en concepto de aportación municipal.-

PRESUPUESTO PARA SERVICIOS SOCIAIS 2016

| A) PERSOAL | |
|-----------------------|-------------|
| TRABALLADORAS SOCIAIS | |
| PRESUPUESTO | 34.145,28 € |
| SUBVENCIÓN SOLICITADA | 25.222,50 € |

| | |
|---|---------------------|
| APORTACION MUNICIPAL | 8.922,78 € |
| TECNICO GRADO SUPERIOR | |
| PRESUPOSTO | 18.739,92 € |
| SUBVENCION SOLICITADA | 3.286,50 € |
| APORTACION MUNICIPAL | 15.453,42 € |
| B) MANTEMENTO | |
| PRESUPOSTO | 600,00 € |
| SUBVENCION SOLICITADA | 600,00 € |
| AXUDA NO FOGAR (PERSOAS VALORADAS DEPENDENTES) | |
| PRESUPOSTO | 67.356,00 € |
| SUBVENCION SOLICITADA | 62.180,55 € |
| APORTACION MUNICIPAL | 5.175,45 € |
| | |
| TOTAL SOLICITADO Ó PLAN CONCERTADO | 91.289,55 € |
| APORTACION MUNICIPAL | 83.755,38 € |
| TOTAL PRESUPOSTOS SERVICIOS SOCIAIS | 175.044,93 € |

- Adjudicación da execución das obras no edificio “O Semáforo” e o seu anexo “O Refuxio ” a Industrial Elevación, S.A cun importe de 3.059,53 € e 642,50 € en concepto de IVE.-

- Aprobación do plano de vacacións a Juan José Lago Estévez dendo o 3 de novembro ó 5 de decembro (ambos incluídos).-

- Concesión de permiso a Pedro Santiago Díaz Domínguez, por asuntos particulares para os días comprendidos entre o 16 e o 29 de novembro (ambos incluídos).-

- Aprobación do plano de vacacións ás persoas que se indican:

| NOME E APELIDOS | PERÍODO |
|---------------------------|--|
| Sonia Riveiro López | 22 de decembro de 2016 ó 9 de xaneiro de 2017 (ambos incluídos) |
| Carmen D. Alvarez Marcote | 24 de novembro de 2016 ó 2 de decembro de 2016 (ambos incluídos) |
| Pedro S. Díaz Domínguez | 2 de novembro de 2016 ó 14 de novembro de 2016 (ambos incluídos) |

- Aprobación do plano de vacacións a Marta Domínguez Traba dende o 14 ó 30 de novembro de 2016.-

- Concesión de vacacións a Manuel Lagoa López, correspondentes ao ano 2016 durante o período comprendido entre o 26 de outubro ó 11 de novembro (ambos incluídos).-

- Aprobación do plano de vacacións a Javier Domínguez Areas, dende o 24 de outubro ó 4 de novembro de 2016.-

- Aprobación do plano de vacacións a Amable Canosa Martínez, para os días 1, 2, 5 e 7 de decembro de 2016.-

- Aprobación do plano de vacacións a Osvaldo Santos Lobelos dende o 25 ó 31 de outubro (ambos incluídos).-

- Nomear a Violeta Traba Castreje para a prestación do servizo de “Axuda no Fogar” debéndose formalizar o oportuno contrato laboral temporal polo período comprendido entre o día 13 de outubro de 2016 ó 12 de outubro de 2017 en xornada completa.-

- Aprobación do plano de vacacións a Clara María Amado Sánchez dende o día 6 ó 19 de outubro (ambos incluídos).-

O Pleno dáse por enterado

Antes do punto de Rogos e Preguntas formulase a necesidade de integrar na Orde do día unha Moción sobre a Memoria Histórica que é aceptada por unanimidade dos asistentes.-

E) MOCION QUE PRESENTAN O GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE E O GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE FISTERRA SOBRE A ADOCIÓN DUN ACORDO PLENARIO PARA PROMOVER A EXHUMACIÓN DOS RESTOS DO ALCALDE CIPRIANO FERNÁNDEZ BRAGE, QUE PODEN ESTAR

NUNHA FOSA COMÚN SITUADA NO CEMITERIO DE ARANGA, E PODER TOMAR SEPULTURA DIGNA, EN APLICACIÓN DOS ARTIGOS 11, 12, 13 E 14 DA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA

(Rexistro de Entrada 3825 de data 2/12/2016)

Dada conta do seu contido:

“Cipriano Fernández merece xustiza. Foi o único alcalde da Costa da Morte asasinado polos paramilitares franquistas fai agora 80 anos. Os seus asasinados, despoixárono do seu reloxo, dun anel de ouro e dos seus zapatos, e foi “paseado” e abandonado nunha gabia e créese que foi botado nunha fosa común situada no cemiterio de Aranga.

Nado en Serantes-Ferrol durante o período da República foi radiotelegrafista na estación de Cabo Fisterra. Na repetición das eleccións do 4-6-1931 foi elixido concelleiro e terceiro tenente de alcalde. Pouco máis dun ano despois, o rexedor Pedro de Paz Rodríguez faleceu (o 29-10-1932) nun accidente de coche. O 10 de novembro Cipriano Fernández foi elixido alcalde con 10 dos 14 votos.

O 25 de xullo de 1936, falanxistas e gardas civís foron a detelo o seu domicilio, sen atopalo. Xa en sobre aviso, trasladouse a Coruña cun destino transitorio na Radio Costeira. Pero o 29 de outubro, catro anos despois de morrer o anterior alcalde, e cando paseaba coa súa esposa por San Andrés sobre as 20.30 horas, e segundo o testemuño da súa señora (na Causa 303/36) concretou a muller.

A esposa de Cipriano Fernández promoveu unha denuncia contra os que sabían que asasinaran ao seu marido. O falanxista de Zas que participara no paseo de Cipriano, recoñecendo en privado e de forma explícita a súa intervención nos feitos, ante a reiteración da viúva espetoulle ameazante que “...si quere saber onde se atopaba o seu esposo el podería dicirillo e que tivera coidado..co que falase porque o mesmo podía dar “un paseo” a un home que unha muller”. A denuncia interposta non tivo recorrido, foi sobresaída. Así documenta estes feitos o investigador e escritor D.Luis Lamela.

A Lei de Memoria Histórica establece que as Administracións públicas, entre elas as locais, poderán colaborar cos particulares para a localización e identificación de vítimas, facilitando aos seus descendentes directos que así o soliciten, ou a asociacións que desenvolvan actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica, a localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior.

Así o Goberno, en colaboración con tódalas Administracións públicas poderán celebrar oportunos convenios de colaboración para subvencionar as entidades sociais que participen en traballos de exhumacións.

Ditos traballos de exhumación deben contar coa autorización administrativa para a realizar actividades de localización e identificación, e os achádegos poranse inmediatamente en coñecemento das autoridades administrativas e xudiciais competentes.

As administracións públicas, no exercizo das súas competencias, establecerán o procedemento e as condicións nas que os descendentes directos das vítimas, ou as entidades que actúen no seu nome, poidan recuperar os restos enterrados nas fosas correspondentes.”

En virtude desta exposición de motivos propoñemos ao PLENO DE FISTERRA que adoite o seguintes ACORDO:

1. Manifestar o propósito e obriga moral do Concello de Fisterra en restituír a memoria histórica e honra do que foi o seu alcalde, D.Cipriano Fernández, -feito que non será posible mentres os seus restos non reciban unha sepultura digna-, mediante o compromiso de por a dedicación e esforzo necesario para lograr a súa exhumación e disposición dos seus restos á familia ou

achegados e, ademais, pechar unha ferida aberta fai agora 80 anos por un feito de crueldade que conmocionou a familiares e veciñanza deste municipio e que tamén lesionou a esta institución como Alcalde que foi e que serviu a Fisterra.

2. Constituír unha comisión municipal de traballo encargada de iniciar as actuacións necesarias, ante as administracións públicas con competencia, para tramitar a solicitude pola que se autorice traballar na súa localización exhumación e identificación, que se presume nunha fosa común no cemiterio de Aranga, conforme ao disposto no "Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da guerra civil e a ditadura" recollido na "Orden PRE/2568/2011, de 26 de setembro, por a que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 23 de septiembre de 2011, por el que se ordena la publicación en el Boletín Oficial del Estado del Protocolo de actuación en exhumaciones de víctimas de la guerra civil y la dictadura".
3. Que dita comisión estea integrada por representantes do grupo de goberno, membros da oposición, xunto coa participación e asesoramento de expertos e entidades involucradas na recuperación da memoria histórica.
4. Que dita comisión impulse a localización e contacto cos familiares e/ou achegados para acadar o seu consentimento e iniciar as actuacións necesarias para cumprir con este Acordo.
5. Trasladar ó Ministerio de Presidencia do Goberno de España, Xunta de Galiza, Deputación da Coruña, entes xudiciais da provincia de A Coruña, ao Concello de Aranga, e asociacións e comisións relacionadas na recuperación da memoria histórica e traballos de exhumación, unha petición de colaboración para acadar este propósito.

INTERVENCIONS

Alcalde

Tratase de facer xustiza e se así a familia o autoriza conseguir a restitución da súa honra, facendo todo o que sexa necesario para levalo a cabo.-

Non se trata doutra cousa senon facer cumprir a Lei dunha figura dentro do noso Concello coa súa relevancia por ter sido Alcalde deste Concello, fisterrán e polos seus labores de persoa e político.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

Estamos totalmente dacordo con elo, non confio nas datas que se mencionan e é necesario poñerse en contacto coa familia, aproveitando para elo unha Comisión da Memoria Histórica xa existente cos novos Compoñentes.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega

Estou dacordo, xa sabemos que é necesario falar ca familia, pero é moi importante levalo a cabo dende o perdón, a xenerosidade brindando a honra que lle corresponde a esta e a esas persoas. Meu apoio total.-

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Dicir que a Asociación da Memoria Histórica estivo en contacto e é necesario poñerse dacordo coa familia, casualmente hoxe saleu no periódico a vida desta persoa e dende aquí o meu recoñecemento ao Historiador Luis Lamela sobre a escritura de todos os episodios, polo que eu si que confio nas datas sinaladas.-

Seguidamente o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobala por unanimidade dos asistentes.-

6º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

¿Que pasou coa Obra de baixada de Padrís a Rostro?

Alcalde.- Tiñamos unha subvención do Grupo de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia e a Empresa que levou a adxudicación incumpriu os prazos establecidos tanto o primeiro como a prórroga concedida pola Consellería do Medio Rural.-

Non foi un problema imputable a este Concello; a Empresa está claro que non quedou ben co Concello e se estudia a posibilidade de esixir responsabilidades. -

O que se vai facer agora é rematar a cuneta e arranxar o firme actual.-

¿Cando se vai poñer o Alumeado Navideño ?

Alcalde.- No prazo mais breve posible.-

¿Cando se van arreglar ou substituir o Alumeado do Paseo Marítimo de Sardiñeiro?

Alcalde.- A Reforma e Mellora do Paseo Marítimo de Sardiñeiro xa se ten adjudicado a Empresa Marcelino González Estévez.--

¿Cando se vai empezar a obra da Subida da Insua ?

Alcalde.- Está pendente a acta de comprobación do Reprantexo da Obra que foi adjudicada a empresa Búa Construcciones y Servicios S.L.-

¿Porque se vai facer o traballo de rexeneración ambiental con voluntarios? ¿E si non hai os suficientes ?

Alcalde.- Concedeusenos una Subvención de 20.000 € para rexeneración dos Habitats e vaise facer con Voluntarios para colaborar mediante o control da Empresa a que se adjudica o Servizo.-

¿Porque non se colga as actas dos plenos na páxina web ? e ¿ Porque se tarda tanto en enviarnos as das Xunta de Goberno ?

Se toma nota e se lle enviaran as actas de Xunta de Gbverno Local pendentes dende o mes de Xuño de 2016.-

¿ Que obras se van incluír no POS ?

Alcalde.- Están pendentes e tendo en conta o Plan da Diputación Provincial, queda aberta a porta para que os restantes grupos políticos poidan presentar as posibles accións para no seu caso incluílas.-

¿Que Arquitecta está traballando neste momento ?

Alcalde.- A substituta da contratada.-

O Tenente de Alcalde indicou que o seu soldo sería corrixido para equiparalo ó do anterior en xaneiro do presente 2016 ¿Xa se fixo?

Alcalde.- No se rebaixou o soldo, mantense tal e como foi aprobado no seu día polo Pleno da Corporación.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega.-

¿Como van a xestións para a posta en servizo da nova Clínica ?

Alcalde.- Non se sabe de momento onde se pode ubicar, depende da aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra.-

¿ Como vai o do Dique de Abrigo ?

Alcalde.- Esta xa adxudicado, depende agora de Portos de Galicia.-

Dentro do Plan da Diputación existen cousas que non me encaixan dentro do reparto de subvencións, dado que a Fisterra se lle dan 445.000, Carnota 500.000 e Cabanas 700.00 €, temos que consideralo e pedir explicacións para poder cambiar e obter maior cantidade para o Concello de Fisterra.-

Alcalde.- As cifras son as determinadas pola Exma Diputación Provincial, eles teñen desde sempre uns baremos feitos e non podemos decir nada sen saber si salimos perxudicados ou non.-

Fora da orde do día, declarado de urxencia, ratificada a mesma por unanimidade dos asistentes que cumpre coa maioría absoluta do número legal de Concelleiros, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Entender corrixidas todas e cantas deficiencias foron observadas pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio Urbanístico da Xunta de Galicia en relación coa aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra en requerimento efectuado a través do oficio número 98597/RX 1326757 de data 20 de setembro de 2016 tal e como queda acreditado no expediente.

2) Aceptar e dar conformidade na súa totalidade o Informe Xurídico emitido con data 2 de decembro de 2016 polo despacho de Avogados, Lumieira Xestión Urbanística, S.L., en relación co Informe desfavorable da Axencia Galega de Infraestructuras da Xunta de Galicia de data 10/11/2016 con Rexistro Xeral de Entrada nesta Corporación ó número 3675 de data 17/11/2016 sobre o citado Plan Xeral.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 22:15 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.